

## CRITERIOS E PROCEDIMIENTO DE DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO

### Destinatarios das axudas

a) O alumnado destas etapas que fose beneficiario da axuda para adquirir material escolar no curso 2020/2021 (en virtude da Orde de 12/05/2020).

Este alumnado **NON TERÁ QUE PRESENTAR SOLICITUDE**, adquire automaticamente o dereito ás máscaras.

b) O resto do alumnado, que non presentou no seu momento a solicitude de axudas para material escolar ou quedou excluído, poderá presentar a solicitude correspondente, sempre que se cumpran os requisitos de renda recollidos na orde. Os requisitos económicos son os mesmos que para acceder ás axudas para libros de texto e material escolar.

### Modelo de solicitude e prazo.

A solicitude formalizarase a través do modelo oficial contemplado no Anexo I da Orde. **A solicitude será única para todos os fillos ou fillas**, salvo que estean escolarizados en centros distintos.

**Presentación:** No centro docente, ou a través da sede electrónica da xunta

O prazo fixado no DOG é de 10 días hábiles contados a partir da publicación da orde no DOG. **O último día do prazo é, polo tanto, o venres 27 de novembro de 2020.**

**Documentación** que se debe xuntar coa solicitude se é o caso. (artigo 9º):

a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

b) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. De non existir, o artigo contempla outras formas de acreditación dos membros computables.

c) En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

d) Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

e) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, de ser o caso.

f) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

g) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

h) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI ou NIE.

**NON SERÁ NECESARIO achegar os documentos que xa presentase a persoa interesada xunto á solicitude de material escolar do curso 2020/21.**

### Cráterios de concesión da axuda

a) Alumnado beneficiario das axudas para material escolar.

b) Alumnado que non fose beneficiario das axudas para material escolar, nos seguintes supostos:

b.1) Pertenza a familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.

b.2) Estea matriculado en educación especial, ou suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia ou teña unha discapacidade igual ou superior ao 65 %, con independencia da renda da unidade familiar.